

12. LIGA 2ª DIVISIÓN CADETE MASCULINA-MIXTA

12.1. CAMPIONATO DE 2ª DIVISIÓN CADETE MASCULINO-MIXTA

Esta competición estará formada polos equipos inscritos ao comezo da tempada.

A organización da competición será comunicada unha que vez se distribúan os grupos que conformarán a citada liga.

12.2. DATA DE INSCRICIÓN E EQUIPOS PARTICIPANTES

Data tope de inscrición: 3 de setembro ás 13.00 horas.

Poderán participar os equipos de categoría Cadete Masculina-Mixta que se inscriban especificamente no campionato de 2ª División Cadete masculina-mixta nos prazos previstos nestas bases de competición.

Nesta competición poderá facerse un grupo de 3ª división con aqueles equipos que así o desexen, sempre que haxa un mínimo de 6 equipos. Os xogadores que disputen esta 3ª división e os seus clubs teñan equipos na 2ª permitirase que como máximo tres xogadores do equipo de 3ª poidan aliñarse na 2ª división.

12.3. XOGADORES

A data límite para dar de alta xogadores nesta categoría será as 14:00 h 26 de febreiro do 2027. Este prazo será ampliado ata o 29 de abril sempre que o xogador non tivera licenza na presente temporada e non poderá disputar encontros de 1ª división. Nesta competición permitirase un máximo de 15 xogadores/as que poderán ter licenza por un equipo, se ben só se poderán aliñar un máximo de 12 xogadores/as por partido. Excepcionalmente na Fase de Ascenso permitirase que como máximo tres xogadores/as pertencentes a outro equipo do club e da mesma categoría poidan ser aliñados. No caso de competicións ou fases nacionais rexerá o establecido na normativa FEB.

12.4. FORMA DE XOGO

Fase de Inverno

Os equipos inscritos dividiranse en grupos dun máximo de 6 equipos a ser posible, distribuídos por proximidade xeográfica. A distribución, composición, número de integrantes dos grupos e forma de xogo efectuaráa o Comité de Actividades da FGB, así como a

resolución das incidencias e reclamacións que se produzan fronte ás mesmas.

Nestes grupos xogarase unha liga a dobre volta todos contra todos (10 xornadas máximo).

Datas de Xogo

A competición disputarase nas seguintes datas que poderán ser modificadas polo Comité de Actividades da FGB:

Fase de Inverno:

Setembro: 13, 20, 27

Outubro: 4, 11, 18, 25

Novembro: 1, 8, 15, 22, 29

Decembro: 6, 13, 20

Xaneiro: 10

Fase de Ascenso-Inverno

Disputarán a Fase de Ascenso os primeiros clasificados de cada delegación e o segundo da delegación con maior número de equipos na categoría a data 01/11/26 (no caso de que se unan varias delegacións nunha mesma competición acumularanse as prazas de ascenso no grupo que conformen, sempre e cando alo menos aporten 3 equipos). Non poderán disputar esta fase de Ascenso os clubs que xa teñan un equipo na Liga Galega e manteña a categoría

Distribuiranse en dous grupos de 4 equipos onde os equipos do mesmo zonal no poderán coincidir no mesmo grupo e se son máis de dous equipos do mesmo zonal, o 1º e 2º de ese zonal non poden compartir grupo.

Xogarán unha liga a unha volta todos contra todos (3 partidos)

Os DOUS mellores equipos clasificados de cada un dos grupos ascenderán a 2ª Fase da Liga Galega Cadete Masculina, Se ben os equipos que ascendan a Liga Galega Cadete Masculina non poderás ser MIXTOS.

Datas: 17, 23 e 24 xaneiro

Lugar: 1ª xornada en campos propios, 2ª e 3ª xornada en campo designado pola Federación.

Liga Regular

Os equipos descendidos de 1ª división e os non ascendidos, dividiranse en grupos dun máximo de 12 equipos a ser posible, distribuídos por proximidade xeográfica. A distribución, composición e número de integrantes dos grupos así como o formato de xogo das mesmas

o efectuará o Comité de Actividades da FGB.

Datas de Xogo

Febreiro: 7, 14, 21, 28

Abril: 4, 11, 18, 25

Marzo: 7, 14, 21

Maio: 2, 9, 16

Fase de Ascenso-Final:

Disputarán a Fase de Ascenso os primeiros clasificados de cada delegación e o segundo da delegación con maior número de equipos (no caso de que se unan varias delegacións nunha mesma competición acumularanse as prazas de ascenso no grupo que conformen). Non poderán disputar esta fase de Ascenso os clubs que xa teñan un equipo na Liga Galega e manteña a categoría

Distribuiranse en dous grupos de 4 equipos onde os equipos do mesmo zonal no poderán coincidir no mesmo grupo e se son máis de dous equipos do mesmo zonal, o 1º e 2º de ese zonal non poden compartir grupo.

Xogarán unha liga a unha volta todos contra todos (3 partidos)

Os equipos mellor clasificados de cada un dos grupos ascenderán a 1ª división Cadete na temporada 2027 – 2028 Se ben os equipos que ascendan a Liga Galega Cadete Masculina non poderás ser MIXTOS.

Datas: 30 de maio e 6 e 13 de xuño

Lugar: 1ª e 2ª xornada en campos propios, 3ª xornada en campo designado pola Federación.

Copa Premium

Os equipos que non se clasifiquen para a Fase de Ascenso poderán disputar a Copa Premium, que ao efecto poderá organizar a FGB, sendo esta competición de carácter zonal e co formato que se estipule polo Comité de Actividades en base ás solicitudes para disputala.

12.5. DATAS DE SORTEOS

Fase de Inverno: 7 de setembro ás 17.00 h na sede que determine a FGB.

Liga Regular: 25 xaneiro ás 17.00 h. na sede que determine a FGB.

Fases de Ascenso-Inverno: 11 de xaneiro ás 11.30 h. na sede centra da FGB.

Fase de Ascenso-Final: 18 de maio ás 11.30 h na sede central da FGB.